

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

A *Revista Galega de Economía* é unha plataforma editorial para a publicación de artigos de investigación sobre calquera das especialidades do campo da Economía e da Administración e Dirección de Empresas.

Os traballos deberán ser orixinais, inéditos e non estar sometidos á consideración para a súa publicación en ningunha outra plataforma editorial. O autor ou autores dos textos publicados na *Revista Galega de Economía* cédelle a esta e á Consellería de Facenda os dereitos de reprodución.

Os traballos enviaranse por correo electrónico a revistagalega.deeconomia@usc.es. Os ficheiros que se envíen deberán estar en formatos recoñecibles polo procesor de textos Microsoft Word para Windows.

O secretario ou a secretaria do consello de redacción xustificará a recepción de todos os orixinais recibidos nun prazo máximo de 30 días desde o seu recibimento. Logo, serán remitidos a dous avaliadores anónimos, que informarán sobre a conveniencia de publicar ou non os textos avaliados ou de introducir neles cambios ou correccións antes de seren publicados. O consello de redacción decidirá definitivamente sobre a publicación baseándose nos informes dos avaliadores anónimos.

Os traballos que se presenten deberán axustarse ás seguintes

ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

A *Revista Galega de Economía* editase en galego na súa versión impresa. Os textos remitidos noutras linguas serán traducidos para a súa publicación, aínda que os editores poderán solicitarlles aos autores a remisión dos seus textos xa traducidos.

A versión electrónica publícase en galego e en castelán, sendo preciso que os autores que remitiron o traballo escrito en galego envíen unha copia en castelán unha vez que o seu traballo sexa aceptado para a súa publicación. A versión electrónica da revista poderá incluír a publicación dos traballos noutras linguas cando os traballos fosen remitidos en linguas distintas do galego e do castelán.

- 1) Os orixinais cumprirán as seguintes normas: interliñado de 1,5, letra Times New Roman de tamaño 12, marxes de 3 cm (superior, inferior, esquerda e dereita). Para as notas a pé de páxina: interliñado de 1 e letra Times New Roman de tamaño 9. A extensión máxima dos traballos será de 30 páxinas, incluíndo nelas as gráficas, as figuras, os cadros, as táboas, as notas a pé de páxina, os apéndices ou anexos e a bibliografía.
- 3) Na primeira páxina figurará o título do traballo, o máis específico e breve posible, así como a súa tradución ao inglés. De seguido aparecerá o nome dos seus autores xunto cos seus enderezos postal e electrónico, así como o seu número de teléfono. Se o traballo foi presentado nalgunha reunión científica indicárase nesta primeira páxina o seu nome, o lugar e a data da reunión.
- 4) Na segunda páxina figurará un resumo do traballo de non máis de 200 palabras e de 3 a 10 palabras clave no idioma no que estea escrito o traballo e tamén en inglés.
- 5) O resto do texto presentarase sen marcas de composición, agás as relativas á indicación dos fragmentos que deban ir en cursiva. Os símbolos, unidades e nomenclaturas empregadas axustaranse ás normas internacionais.
- 6) As táboas, cadros, gráficas e figuras irán numeradas consecutivamente con caracteres arábigos, levando un encabezamento conciso e a indicación da fonte e nunha nota ao final delas explicaranse os símbolos utilizados ou aclararanse as cuestións relativas a elas que o autor considere necesarias. Deberán ir citadas no texto como táboa 1, cuadro 1, gráfica 1, figura 1.
- 7) As citas bibliográficas, que non poderán incluírse como notas ao pé de páxina, deberán ser incluídas no texto do traballo. Presentaranse de dúas formas, dependendo do contexto e da redacción do parágrafo no que se inclúan:
 - a) Indicando entre parénteses o nome do primeiro autor, seguido do ano e do número de páxina, por exemplo: (Jaspers, 1946, p. 25) ou (Pickard *et al.*, 1986, pp. 125-135).
 - b) Indicando o nome do autor e, entre parénteses, o ano, por exemplo: Jaspers (1946) ou Pickard e outros (1986) ou Pickard, Collins e MacRae (1986).

As *referencias bibliográficas* poranse ordenadas alfabeticamente ao final do traballo, e cronoloxicamente no caso de varios traballos dun mesmo autor. Poranse en *cursiva* o nome das revistas e o título dos libros. A puntuación e a orde axustaranse aos seguintes modelos:

• **ARTIGOS EN REVISTAS:**

Johanson, J.; Valhne, J.E. (1990): "Factors Inhibiting Export Performance of Firms: An Empirical Investigation", *Management International Review*, vol. 26, núm. 4, pp. 33-43.

- **LIBROS:**
Habermas, J. (1987): *Ciencia y tecnología como ideología*. 2ª ed. Madrid: Tecnos.
 - **CAPÍTULOS DE LIBROS:**
Rymes, T.K. (1990): "On the Publicness of Fiat Money", en A. Asimakopulos, R.D. Cains e C. Green [ed.]: *Economic Theory, Welfare and the State*, pp. 409-420. London: Macmillan.
 - **INFORMES TÉCNICOS, COMUNICACIÓN E WORKING PAPERS:**
España. Ministerio de Industria y Energía (1992): *Estadística minera de España, 1974-1991*. Madrid: Ministerio de Industria y Energía.
Van Ham, K.J. (1991): "The European Foundation for Quality Management", *II Foro de la Calidad Total*. Sevilla.
Narula, R.; Hagedoorn, J. (1997): *Globalization, Organisational Modes and the Growth of International Strategic Alliances*. (Working Paper, 97-017). Maastricht: Maastricht Economics Research Institute on Innovation and Technology (MERIT).
- 8) As probas só lle serán enviadas ao primeiro autor, que deberá devolvelas nun prazo de 7 días a partir da data de recepción. O atraso na devolución das probas implicará a publicación do traballo sen as correccións do seu autor. Non se aceptarán aquelas correccións que supoñan alteracións no texto (incorporación, modificación ou eliminación de texto, táboas, cadros, gráficas, figuras, notas ao pé...).

SECCIÓNS COMPLEMENTARIAS

A modo de seccións complementarias, e dependendo da dispoñibilidade de espazo e doutros recursos editoriais, a *Revista Galega de Economía* tamén poderá publicar textos co seguinte carácter e requisitos:

- **Documentos:** Textos de carácter histórico, teórico, bibliográfico ou institucional de interese relevante no ámbito da Economía e da Administración e Dirección de Empresas, inéditos ou de difícil acceso para o investigador ou para o lector habitual da *Revista Galega de Economía*. Calquera que sexan as súas compoñentes e formatos orixinais non deben superar as 15 páxinas, incluíndo nelas as recensións, comentarios ou apéndices cos que se queiran acompañar, e coas seguintes características: interliñado de 1,5, letra en Times New Roman de 12 puntos, marxes de 3 cm (superior, inferior, esquerda e dereita). Se se tratase de textos xa publicados, os remitentes deberán garantir a dispoñibilidade dos dereitos de reprodución. Os editores poden considerar o carácter *especialmente relevante* dun documento e acordar excepcionalmente a súa publicación sen se acoller ás devanditas normas.
- **Notas breves:** Textos referidos a aspectos puntuais dunha investigación en curso. O número máximo de páxinas será de 8, e coas seguintes características: interliñado de 1,5, letra Times New Roman tamaño 12 e marxes de 3 cm (superior, inferior, esquerda e dereita).
- **Recensións bibliográficas:** Información crítica sobre as novidades editoriais publicadas nos dous anos anteriores en temas relacionados coa Economía e coa Administración e Dirección de Empresas. O número máximo de páxinas será de 3, e coas seguintes características: interliñado de 1,5, letra Times New Roman tamaño 12 e marxes de 3 cm (superior, inferior, esquerda e dereita).
- **Información profesional:** Notas sobre a celebración de eventos de interese académico ou profesional para os economistas, docentes e investigadores en Economía e en Administración e Dirección de Empresas (congresos, xornadas, convocatorias, etc.). O número máximo de páxinas será de 3, e coas seguintes características: interliñado de 1,5, letra Times New Roman tamaño 12 e marxes de 3 cm (superior, inferior, esquerda e dereita).
- **Resumos de teses de doutoramento e de teses de licenciatura** de Economía ou de Administración e Dirección de Empresas lidas nos últimos dous anos en calquera das universidades da Comunidade Autónoma de Galicia. O número máximo de páxinas será de 1,5, e coas seguintes características: interliñado de 1,5, letra Times New Roman tamaño 12 e marxes de 3 cm (superior, inferior, esquerda e dereita).

Este tipo de textos non serán sometidos necesariamente a avaliación anónima. O consello de redacción resérvase a consideración da oportunidade de publicalos, sen asumir responsabilidade ningunha ante os remitentes.